



# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

## **BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SERRA DO FARO VIII.-**

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas e fomento do emprego, o Concello de Chantada e seguindo as directrices marcadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, concedente dos incentivos a contratación para os traballadores/as do Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII, convócanse as presentes axudas para o período do 16 de decembro de 2024 ao 15 de marzo de 2025.

### **1. Disposicións xerais**

Estas normas teñen por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección de Entidades dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada da provincia de Lugo, susceptibles de percibir subvencións para a contratación temporal dos participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII para un período de tres meses.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos, de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

### **2. Finalidade e duración dos incentivos a contratación por conta allea.**

Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII, financiados a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, e promovido polos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.

A contratación temporal terá unha duración mínima 3 meses.

A xornada de contratación temporal será a tempo completo.

### **3. Réxime xurídico**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **4. Entidades beneficiarias dos incentivos a contratación**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos a contratación previstas nas presentes bases:

1. As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Chantada, Carballedo e Taboada no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: EOCBO108 – Fábricas de albanelaría. Nivel 2; AGAO0108 – Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. Nivel 1 e





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

SSCS0208 - Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, Nivel 2, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar para cada un deles que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan a agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder as axudas.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
3. Non poderán obter, a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes coa Lei xeral de subvencións:
  - a. Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
  - b. Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que neste se adquiera eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
  - c. Dar lugar, por causa de que lle fora declarada culpable, a resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
  - d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.
  - e. Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte á Seguridade Social, ou ter pendente de pago algunha outra débeda cos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou Estatal, nos termos regulamentariamente establecidos.
  - f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio clasificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
  - g. Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
  - h. Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.
  - i. Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran nalgunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
  - j. En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002 mentres nos recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

2. Non poderá ter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso os beneficios da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada por Real Decreto legislativo 5/2000 de 4 agosto.
3. Que no ano 2023-24 a entidade solicitante non teña concedida subvención nominativa por parte dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.
4. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos puntos 3, 4, 5 e 6 para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

## 5. Contía dos incentivos á contratación

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
2. Os beneficiarios establecidos á contratación deste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custe salarial das mensualidades obxecto da subvención.

## 6. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea, os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras, que nos 24 meses anteriores a data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo establece o artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

## 7. Procedemento de solicitude

### 7.1. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

Para poder ser entidade beneficiaria das axudas reguladas nesta orde deberá presentarse unha solicitude de axuda aos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Chantada, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 30/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será de sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así coma a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

### 7.2 . Documentación

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

- a) Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Chantada, asinado polo/a representante da entidade (Anexo I) , xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:
  - a. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
  - b. Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria ( Anexo II)
  - c. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda. (Anexo II).
  - d. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, autorizando ao Concello de Carballedo para a comprobación da situación da entidade solicitante respecto das obrigas tributarias e coa Seguridade Social segundo modelo que figura como (Anexo II).
  - e. Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación da solicitude, segundo modelo que figura como ( Anexo II).
  - f. Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036), ou declaración responsable de non estar obrigada.





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

Poderase presentar unha solicitude de subvención por entidade, e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou ratificación no prazo de cinco días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

### 7.3. Proposta de concesión de subvencións

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas non teñen a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, se non que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Chantada ata esgotar o crédito dispoñible, segundo a resolución de concesión da subvención para a creación do Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII, e que ascende a 30.000,00 euros. ( *O programa de incentivos á contratación laboral será financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma do exercicio 2024, a través da aplicación 11.05.322A.460.1 (proxecto 2014 00543) ou equivalente por un importe de 1.200.000,00 euros. As aplicacións mencionadas están financiadas por fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal* ).

A proposta de concesión de subvención deberá conter a relación de entidades solicitantes por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Chantada, asignando a contía de subvención a cada unha delas ata esgotar o crédito dispoñible. Dita contía non superará os 1.500€ por incentivo solicitado. Posteriormente, dita proposta pasará á intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma.

A partir da proposta da Concesión de subvención informada pola Interventora Municipal, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden a subvención e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de 10 días contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións no Rexistro do Concello de Chantada. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

### 7.4 Resolución, publicidade da concesión e reformulacións da concesión

A resolución da concesión farase pública na páxina web do Concello de Chantada <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Anuncios, e no taboleiro de anuncios deste concello, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando Administración estime que a publicación efectuada resulte insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico á dirección que os interesados designen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. A estes efectos os interesados deberán achegar o Anexo III debidamente cumprimentado e asinado.

### 8.- Adxudicación do traballador/a

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias, realizarase a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas nesta convocatoria, nos cinco días hábiles seguintes á publicación no taboleiro de anuncios do concello de Chantada, e na páxina web do Concello de Chantada <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Anuncios, sendo a data límite para contratar ós traballadores, en todo caso, o 16 de decembro de 2024.





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

## 9.- Obrigas das entidades beneficiarias

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego de Chantada, Carballedo e Taboada.
2. Manter no seu persoal a persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal por causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia o Concello de Chantada no prazo de sete días dende que se produza para promover a súa substitución en igualdade de condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego, que non foran contratadas previamente.
3. Coma consecuencia da contratación temporal polo que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación polo que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despido disciplinario que non sexa declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
4. As contratacións polas que se solicita a subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga corresponderalle ó Concello de Chantada levar a cabo a función de control da subvención concedida, así como a avaliación e seguimento deste programa.

## 10.- Xustificación e pagamento

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida. Porén o Concello de Chantada aboará o anticipo do 50% do importe da subvención concedida no momento da alta do traballador/a na modalidade de contrato establecida na solicitude.

Para ter dereito á mesma a entidade beneficiaria deberá presentar ante o Concello de Chantada, nos 15 días desde a data de contratación do/s traballador/es a seguinte documentación:

- Copia compulsada ou cotexada dos contratos de traballo, formalizados e debidamente comunicados á Oficina de Emprego.
- Copia compulsada ou cotexada dos partes de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.
- Declaración responsable, Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes u outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do(anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA), e Seguridade Social dos Concello de Chantada, Carballedo e Taboada.
- Certificado da conta bancaria (código IBAN) expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

A si mesmo dentro dos 10 días primeiros de cada mes enviarase por correo electrónico a [registro@concellodechantada.org](mailto:registro@concellodechantada.org) ou no Rexistro do Concello de Chantada, a nómina e xustificante de pago do/s traballador/es correspondente ó mes vencido, para velar polo cumprimento dilixente mensual dos pagos das obrigas contractuais. Soamente se admitirá como documentos xustificativos de pago aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, en ningún caso admitirase o pago en man ou en efectivo.

No prazo máximo dun mes contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado:

- Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados (Recibo de Liquidación de Cotizacións e Relación Nominal de Traballadores).
- Copia compulsada ou cotexadas do impreso de liquidación nominal Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagadas.
- Declaración responsable, declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes u outros entes públicos o, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do(anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ao efecto polos organismos correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e Seguridade Social dos Concello de Chantada, Carballedo e Taboada.

## 11.- Incompatibilidades e concorrencia

As axudas previstas neste programa para contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade de Unión Europea, doutras administracións públicas ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras supere os límites establecidos pola Unión Europea, e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

## 12.- Reintegro da subvención

A vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará a documentación e se é correcta, procederase ao pagamento da subvención mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida a entidade beneficiaria para a súa presentación ( artigo 70 do regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que, por Resolución de Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante á revogación da subvención concedida.





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

Entenderase que se produce un incumprimento parcial, e polo tanto, procederase ao reintegro parcial dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo. Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos na correspondente convocatoria, dará lugar a cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

### **13. Devolución voluntaria da subvención**

De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Chantada en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número de expediente e denominación da subvención concedida.

### **14.- Réxime sancionador**

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

### **15.- Réxime de recursos**

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de Xulio, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Poderá formularse con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Disposición adicional primeira.**

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, será de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución de Orzamento Xeral do Concello de Chantada para o exercicio de 2023 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

### **Disposición adicional segunda**

O Concello de Chantada é o responsable do tratamento de datos das persoas solicitantes e infórmaas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016(GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención.

Criterio de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

seguridade adecuadas para garantir a pseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: Non se comunicaran os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, potabilidade e supresión dos seus datos e a limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control ([aepd.es](http://aepd.es)) se considera que o tratamento non se axusta a normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Chantada. Praza de España, nº 1 - CP 27500 - Chantada ( Lugo).

## INDICE DE ANEXOS

- ANEXO I : SOLICITUDE
- ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ANEXO III: MODELO ACEPTACIÓN MODELO DE COMUNICACIÓN

<u>ANEXO I.-</u>	<b>A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN</b>	
<b>Modelo de Solicitud de Subvención de incentivos á contratación. Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII</b>	N.º Expediente	N.º Rexistro
	Modelo	_____
		Data: _____

## ANEXO I SOLICITUDE

<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>			
Nome e Apelidos / Razón Social		NIF	
_____		_____	
Dirección			
_____			
Código Postal	Municipio	Provincia	
_____	_____	_____	
Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
_____	_____	_____	_____

<b>DATOS DO REPRESENTANTE (se procede)</b>			
Nome e Apelidos		NIF	
_____		_____	
Dirección			
_____			
Código Postal	Municipio	Provincia	
_____	_____	_____	





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
----------	-------	-----	--------

DATOS DE NOTIFICACIÓN	
Persoa a notificar: o Solicitante o Representante	Medio Preferente de Notificación o Notificación postal o Notificación electrónica

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO		
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE	
DESCRICIÓN DO OBXECTO SOCIAL DA EMPRESA	CNAE	GRUPO EPIGRAFE IAE
TIPO DE ACTIVIDADE	N.º DE CONTRATACIÓNS POLOS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	N.º DE INSCRIPCIÓN NA S.S
Nº DE TRABALLADORES NA EMPRESA (1)		

(1) Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

SOLICITUDE DE ANTICIPO
<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI      % ANTICIPO QUE SOLICITOU (Ata un máximo do 50%)
<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS		
TITULAR DA CONTA BANCARIA	ENTIDADE	NÚMERO DE IBAN

## EXPÓN

**PRIMEIRO.** Que coñecidas as bases que regulan a subvención de incentivos á contratación dos alumnos/as do Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII.

**SEGUNDO.** O solicitante declara:





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

— Que todos os datos que constan nesta solicitude, e aos documentos que o acompañan, son certos.

— Que cumpre e acepta a normativa xeral vixente reguladora das subvencións que outorga o Concello e todos os requisitos esixidos ás bases e a convocatoria para solicitar e outorgar estas subvencións.

— Que está enterado/da que a carencia de xustificación documental das subvencións recibidas deste Concello non só comporta a anulación da subvención e a esixencia de responsabilidades aos perceptores, se non que como consecuencia non se tramitará esta solicitude nin posteriores.

— Que non se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**TERCEIRO.** Acompaño xunto á solicitude da subvención os seguintes documentos:

— Fotocopia do DNI/CIF.

— Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen firme a solicitude (copia da Escritura de constitución ou modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.).

— Declaración responsable de que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións. ANEXO II

— Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e Local.

— Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social.

— *[Toda a documentación esixida nas bases ou na convocatoria].*

Polo exposto,

**SOLICITA**

Que, de conformidade coas Bases publicadas na páxina web do Concello de Chantada <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Actualidade, e extracto da convocatoria publicado *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* nº \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_, se conceda





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

a subvención para \_\_\_\_\_ por importe de \_\_\_\_\_ euros, e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Chantada, a .... de ..... de 2024.  
O solicitante,

Fdo.:

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CHANTADA

*[1] De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórma que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos teñen como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración, Praza de España, 1 – 27500, Chantada (Lugo).*

## Anexo II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña....., con NIF..... na miña condición de representante da entidade..... con NIF.....

DECLARO baixo a miña responsabilidade e comprométo-me a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada polo Concello de Chantada, segundo o establecido no art 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

1. Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentos son certos.
2. Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar o Concello de Chantada toda a documentación requirida nas presentes bases.
3. Que acepto o traballador/a que lle asigne o Concello de Chantada, e entregar o informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.
4. Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose aos termos do programa.





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 [emprego@concellodechantada.org](mailto:emprego@concellodechantada.org)

5. Que non ten despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
6. Que a entidade a que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 e, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade que represento cumpre o disposto no Regulamento Xeral de Protección de datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
8. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores cos Concello de Chantada, Carballedo e Taboada.
9. Que a entidade a que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e Seguridade Social dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.
10. Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador/a contratado desempeñe as súas tarefas.
11. Que a entidade que represento non é debedor por procedemento de reintegro.
12. Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial tramitada.
13. Que autorizo ao Concello de Chantada que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada.
14. Non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. No caso de ter solicitada ou concedido axudas para o mesmo fin cumprimentar o seguinte cadro:

CONVOCATORIA	ORGANISMO	SITUACIÓN AXUDA	IMPORTE DA AXUDA	ANO

15.- Declaro baixo a miña responsabilidade:

- NON** solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de mínimos (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento(CE)717/2014 de 27 de xuño de 2014) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento.
- SÍ** solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de mínimos nos tres últimos exercicios fiscais ( inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

ORGANISMO CONCEDENTE	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE	ANO





# Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 emprego@concellodechantada.org


	<b>IMPORTE</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b> das axudas de mínimos percibidas	

E para que conste, aos efectos oportunos, firmo a presente en ....., a ..... de ..... de 2024.

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CHANTADA

### Anexo III

#### **DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE COMUNICACIÓN/NOTIFICACIÓN**

D./Dña....., con NIF..... na miña condición de representante da entidade..... con NIF.....

Con domicilio a efectos de notificación en

Rúa/Praza:

Poboación:

Acepto expresamente que as comunicacións, requirimentos, comunicacións e notificacións que realice o Concello de CHANTADA relativas ao Programa de Incentivos a contratación do Obradoiro dual de Emprego, se realicen mediante o seu envío á dirección de correo electrónico

E para que conste e aos efectos oportunos, firmo a presente en ....., a .....de ..... de 2024.

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CHANTADA .”

